

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA  
DO 30 DE DECEMBRO DE 2021**

**1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00059564Y.**

Ratificación da urxencia da convocatoria. |

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

**2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033167J.**

Apróbación do expediente denominado Execución das obras definidas no proxecto de Rehabilitación do edificio Casa das máquinas (acondicionamento interior) e a apertura do procedemento de adxudicación |

Apróbase o expediente denominado Execución das obras definidas no proxecto denominado "Rehabilitación do edificio "Casa das máquinas" (acondicionamento interior)", abrir o procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, e autorizar un gasto por importe de 166.904,43 euros, IVE engadido por importe de 28.967,75 euros.

O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 030 93300 6320000 - 2021 2 EDUSI 1 1, na que existe crédito adecuado e suficiente.

*Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal*

**3. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/451/2017\_CON/39/2020.**

Apróbación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación nº 5, final das obras de "Acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes" |

Acórdase:

Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación nº 5, final, da obra de CAMPO DA FESTA DO CASTIÑEIRIÑO (CON/39/2020) emitida por Barnacle Obras e Servicios SL por importe de 33.239,21 euros.

**4. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/678/2019\_CON/49/2020.**

Apróbación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación nº 7 final das obras de "Reconstrucción do muro na Rúa Costiña do Monte". |


Acórdase:

Aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación nº 7, final, da obra de RECONSTRUCCIÓN DO MURO NA RÚA COSTIÑA DO MONTE (CON/49/2020) emitida por Construcciones D. Ogando S.L por importe de 5.823,50 euros

**5. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00034841P.**

Proposta de concesión dos Premios de creación literaria SELIC 2021 |

Acórdase:



## CONCELLO DE SANTIAGO

- Conceder os premios de creación literaria SELIC 2021, á vista da acta da reunión celebrada polo xurado o 1 de decembro de 2021 ás seguintes obras:

PREMIO SELIC 2021 á obra: *Como agullas finas cravadas no pescozo* da autora: María Caíña Hurtado

Accesit SELIC 2021 á obra: *Os acios tardegos* do autor Manuel Antonio Piñeiro Fernández  
3.- Recoñecer a obriga económica que se deriva da concesión e que de acordo coas bases son as seguintes cantidades:

María Caíña Hurtado. Total: 6.000 euros. Retencións IRPF 15%: 900 euros. Líquido a percibir: 5.100 euros.

Manuel Antonio Piñeiro Fernández. Total: 1.500 euros. Retencións IRPF: 225 euros. Líquido a percibir: 1.275 euros.

### **6. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022334J.**

Proposta de aprobación da xustificación da subvención nominativa para o 2021 a Asociación do Conservatorio de música tradicional e folque

Acórdase aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación do Conservatorio de música tradicional e folque por un importe de 20.000 €, visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación, coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

### **7. COMERCIO. Referencia: 2021/00054676V.**

Xustificación e pagamento das subvencións a actividades de promoción e dinamización comercial 2021

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación e pagamento das subvencións ás entidades relacionadas a continuación e polos seguintes importes:

Fundación Santiago Centro, Área Comercial

Importe subvención: 16.208,61 euros.

Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca

Importe subvención: 3.611,71 euros.

Asociación de Empresarios e Profesionais CCA Compostela Monumental

Importe subvención: 24.736,36 euros.

Asociación Punto Compostela CCA

Importe subvención: 23.398,77 euros.

Asociación de Artesáns e Comerciantes Ourives de Compostela

Importe subvención: 6.281,64 euros.


O gasto satisfacerase con cargo á aplicación orzamentaria á aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Segundo. Liberar o remanente de crédito disposto a favor de Asociación Em Rede-Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca, por importe de 48,19 euros.

### **8. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2021/00040110X.**

Aprobación da xustificación e o pagamento de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2021.

Apróbase a xustificación e o pagamento de subvencións ás asociacións de veciños para



## CONCELLO DE SANTIAGO

o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2021 por un importe total de **37.055,46 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 040 33404 4890100 segundo o seguinte desglose e cantidades (en euros):

1. AV AS CANCELAS: 929,42
  2. AV ÁLVARO CUNQUEIRO: 5.100
  3. AV CAMIÑO DE SANTIAGO: 1.993,64
  4. AV SANTA MARTA - CHOUPANA (VEDESMA): 1.028,55
  5. CASA AGRARIA: 5.100
  6. AV A XUNTANZA: 2.287,45
  7. AV BARRIO DE GUADALUPE A PONDEROSA: 2.943
  8. AV CIDADE HISTÓRICA FONSECA: 3.000
  9. AV A GRACIA: 1.038,75
  10. AV BERDÍA: 1.021,05
  11. AV REGO DAS PEDRAS: 524,85
  12. AV A XUNLLA DE LARAÑO: 475,01
  13. AV MONTE LONGO: 2.544,00
  14. AV FRANCISCO GARCÍA BEIRO DE MARROZOS: 3.000
  15. AV PLATAFORMA DE GALERAS: 98,84
  16. AV SANDRA PREGO RIAL: 3.000
  17. AAVV DO RURAL DE SANTIAGO - FERUSA 2.970,90
- TOTAL: 37.055,46 €**

### **9. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/285.**

[Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresa en concepto de mantemento e reparación de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes aos meses de xaneiro e outubro do ano 2021]

Acórdase:


- Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITO MIL OITOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (8.822,32 €) segundo relación contable S/2021/285 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/4194 por importe de 196,18 euros emitida pola empresa ASCENSORES ENOR, S.L. e remata pola número F/2021/6211 por importe de 595,50 euros emitida por ZARDOYA OTIS, S.A.
- Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **10. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2021/5298.**

[Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Compostela Car Service, S.L., en concepto de servizo de limpeza e desinfección de vehículos do Parque Móbil Municipal correspondente ao mes de outubro de 2021 ]

Acórdase:

- Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRESCENTOS CATORCE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (314,60 €), segundo



## CONCELLO DE SANTIAGO

factura de referencia F/2021/5298 que se achega no expediente, emitida por COMPOSTELA CAR SERVICE, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **11. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/284.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias en varios departamentos municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de xaneiro e decembro do ano 2021. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOCE MIL CENTO OITENTA E CATRO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (12.184,05 €) segundo relación contable de facturas S/2021/284 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2021/5226 por importe de 77,04 euros emitida por RICOH ESPAÑA SLU, e remata pola número F/2021/6788 por importe de 119,55 euros emitida por RICOH ESPAÑA SLU.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **12. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/288.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre agosto e outubro de 2021|

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITO MIL TRESCENTOS SETENTA EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (8.370,13 €) segundo relación contable de facturas S/2021/288 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/4263 por importe de 138,15 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A. e remata pola núm. F/2021/6470 por importe de 576,72 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.L.


Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **13. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2021/286.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de servizos de mantemento dos sistemas de seguridade, extintores e alarmas das distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre os meses de xaneiro e outubro do ano 2021 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (1.637,27 €) segundo relación contable de facturas S/2021/286 que se achega no expediente, e que comeza pola factura numero F/2021/4501 por importe de 15,34 euros, emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDADE A-1, S.L., e remata pola factura número F/2021/6627 por importe de 73,21 euros, expedida pola empresa COMERCIAL EXTINTORES GALICIA, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **14. CONTRATACIÓN. Referencia: Corrección erros Validación S/2021/269.**

[Corrección de erros validación omisión función interventora relación contable de facturas S/2021/269 ]

Advertido erro material nun dos asuntos tratados na Xunta de Goberno Local na súa reunión do día 27 de decembro de 2021, ao abeiro do que dispón o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e de conformidade coas facultades que me confire o artigo 124.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Considerando que deben corrírse os erros observados na proposta de validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre xullo e outubro de 2021, recollido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 decembro de 2021, nos termos seguintes:

#### **ONDE DI:**

“ANTECEDENTES

.....

2.- “Relación contable de facturas S/2021/236 expedidas por varios provedores por un importe total de S/2021/269 expedidas por varios provedores por un importe total de MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.502,82 €), que comeza pola núm. F/2021/5203 por importe de 271,94 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A. (CIF núm. A08431090) e remata pola núm. F/2021/5741 por importe de 140,41 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.L. (CIF núm. A61797536) todas elas en concepto de subministración de gas natural e gasóleo en distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre xullo e outubro de 2021”.

#### **DEBE DICIR:**

“ANTECEDENTES

.....


2.- “Relación contable de facturas S/2021/269 expedidas por varios provedores por un importe total de MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.502,82 €), que comeza pola núm. F/2021/5203 por importe de 271,94 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A. (CIF núm. A08431090) e remata pola núm. F/2021/5741 por importe de 140,41 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.L. (CIF núm. A61797536) todas elas en concepto de subministración de gas natural e gasóleo en distintas dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre xullo e outubro de 2021”.

#### **ONDE DI:**

“PROPOSTA

....

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.502,82 €), segundo



## CONCELLO DE SANTIAGO

*relación contable de facturas S/2021/236 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/5203 por importe de 271,94 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A. (CIF núm. A08431090) e remata pola núm. F/2021/5741 por importe de 140,41 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.L. (CIF núm. A61797536)."*

### **DEBE DICIR:**

#### **"PROPOSTA**

....

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.502,82 €), segundo relación contable de facturas S/2021/269 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/5203 por importe de 271,94 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A. (CIF núm. A08431090) e remata pola núm. F/2021/5741 por importe de 140,41 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.L. (CIF núm. A61797536)."

### **ONDE DI:**

*"A Xunta de Goberno Local acorda:*

....

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.502,82 €), segundo relación contable de facturas S/2021/236 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/5203 por importe de 271,94 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A. (CIF núm. A08431090) e remata pola núm. F/2021/5741 por importe de 140,41 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.L. (CIF núm. A61797536)."

### **DEBE DICIR:**

*"A Xunta de Goberno Local acorda:*

....

**Segundo.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CINCOCENTOS DOUS EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (1.502,82 €), segundo relación contable de facturas S/2021/269 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/5203 por importe de 271,94 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A. (CIF núm. A08431090) e remata pola núm. F/2021/5741 por importe de 140,41 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.L. (CIF núm. A61797536)."

## **15. CENTROS CÍVICOS. Referencia: F/2021/5417.**

|Convalidación de gastos por omisión da función interventora da factura F/2021/5417 |


Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA, S.L., segundo se reflicte na factura F/2021/5417, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269901 que figura nas actas de conformidade das facturas, por un importe total de 3.085,50 euros.

## **16. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: Servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Boisaca (outubro 2021).**

|Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa "Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L." da



## CONCELLO DE SANTIAGO

cantidade de 11.797,50 euros pola realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de outubro de 2021.

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca dende no mes de outubro de 2021, por importe de 11.797,50 euros.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de once mil setecentos noventa e sete euros con cincuenta céntimos (11.797,50) a favor de "Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.", imputándose á aplicación orzamentaria 2021/020/16400/2270000.
3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

### **17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: Servizo de conservación e mantemento do cemiterio municipal de Boisaca (novembro 2021).**

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa "Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L." da cantidade de 11.797,50 euros pola realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de novembro de 2021.

Acórdase:


1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de novembro de 2021, por importe de 11.797,50 euros.
2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de once mil setecentos noventa e sete euros con cincuenta céntimos (11.797,50) a favor de "Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L.", imputándose á aplicación orzamentaria 2021/020/16400/2270000.
3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

### **18. INFORMÁTICA. Referencia: Ute Telefonica.**

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Ute D Telefónica de España SAU telefónica móbiles de España correspondentes ao mes de novembro de 2021

Acórdase:

- Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.
- Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 19.692,09 €, segundo se detalla na relación contable de facturas S/2021/287, e que comeza pola número F/2021/6243 por importe 1.308,57 euros e finaliza pola número F/2021/6245 por importe de 11.718.91 euros, que figura no expediente, en concepto de servizo corporativo de telecomunicacións (telefonía fixa, telefonía móbil, comunicación de datos e servizos adicionais) e servizo de centro de atención ó usuario (CAU) correspondente ao mes de novembro de 2021.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### **19. INFORMÁTICA. Referencia: Inf 9 Acuntia - 2.**

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por Acuntia SA, en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago correspondente aos meses de setembro e novembro de 2021. |

Acórdase:

Primeiro - Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente. Segundo - Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 8.764,54 euros, segundo a relación contable S/2021/277 que figura no expediente, en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago correspondente aos meses de setembro e novembro de 2021.

Terceiro - Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **20. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: LIQUIDACIÓN TRALUSA NOVIEMBRE E DECEMBRO DE 2021.**

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débedada correspondente aos pagos a conta pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros nos meses de novembro e decembro de 2021, a prol de TRALUSA |

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ó mes de novembro e decembro do ano 2021; sen perxuízo da necesaria actualización da orde de continuidade do servizo cun novo pronunciamento do órgano de contratación, á vista das circunstancias que determinan que, neste intre, se manteña a situación de precariedade administrativa da prestación deste servizo, dende o ano 2017.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de cincocentos oitenta e sete mil, novecentos cincuenta e un euros, con trinta e un céntimos (587.951,31.-), a favor de "Autobuses Urbanos de Lugo y Trap,S.A., UTE Ley 18/1982", con imputación orzamentaria 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

### **21. INFORMÁTICA. Referencia: Telefonica CAU agosto.**

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por Ute D Telefónica de España SAU Telefonica moviles España Sau, en concepto de servizo de telecomunicación e CAU correspondente ao mes de agosto de 2021 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 6.664,61 euros segundo a relación contable F/2021/4228, que figura no expediente, en concepto de servizo de telecomunicacións e CAU correspondente ao mes de agosto de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.



**22. DEPORTES. Referencia: 2021/00054253P.**

[Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o Club Santiago Futsal, ano 2021 ]

Acórdase:

- Aprobar o borrador do convenio co Club Santiago Futsal.
- Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de 54.000 € con cargo á aplicación 090 34100 4890017 do orzamento municipal do ano 2021.

**23. XESTIÓN DE PERSOAL. Referencia: 2021/00059588F.**

[Modificación das ofertas de emprego do Concello dos anos 2017, 2019 E 2020 ]

Acórdase:

Primeiro: a modificación da oferta de emprego do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2017, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 22 de decembro de 2017, e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 27 de decembro de 2017, e no Diario Oficial de Galicia do 23 de xaneiro de 2018, de modo que dentro do apartado de persoal funcionario, quenda libre, as dúas prazas de oficial albanel cambian a súa denominación pola de oficial de servizos múltiples.

Segundo: a modificación da oferta de emprego do Concello para o ano 2019, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 9 de decembro de 2019, e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 23 de decembro de 2019, e no Diario Oficial de Galicia do 30 de decembro de 2019, de modo que se suprimen, dentro do apartado de persoal funcionario, quenda libre, unha das dúas prazas de técnico de administración xeral, e unha das catro de uxier, e se substitúen respectivamente por unha praza de persoal funcionario, técnico/a de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, denominación técnico/a en programación deportiva, grupo A2 de titulación e por unha praza de persoal funcionario, auxiliar administrativo/a, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo 2 de clasificación.


Terceiro: a modificación da oferta de emprego do ano 2020, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 6 de xullo de 2020, e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 20 de xullo de 2020, e no Diario Oficial de Galicia do 20 de agosto de 2020, de modo que dentro do apartado de persoal funcionario, quenda libre, as dúas prazas de oficial albanel cambian a súa denominación pola de oficial de servizos múltiples, e tamén dentro do apartado de persoal funcionario, quenda libre, unha praza de auxiliar de inspección de servizos, da escala de administración especial, subescala servizos especiais, grupo C e subgrupo 2 de clasificación, se suprime e se substitúe por unha praza de auxiliar administrativo, da escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C subgrupo 2 de clasificación.

Cuarto: ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*

**24. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: Factura S/2021/283, Cans Travesa da Fervenza.**

[Levantamento reparo suspensivo sobre a relación de facturas S/2021/283, e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa Centro Veterinario Padrón SL, en concepto do servizo de lacería correspondente o período entre o 14 de agosto e 30 de setembro de 2021 ]

Acórdase:



## CONCELLO DE SANTIAGO

1º.- Levantar o reparo suspensivo en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo veterinario urxente durante o ano 2021, facturas S/2021/283.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seis mil cento oitenta e sete con setenta e oito euros (6.187,78 €) a favor de Centro Veterinario Padron S.L. imputándose á aplicación orzamentaria 2021 090 31101 2270000 do orzamento vixente.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos de contrato vencido, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

### **25. DEPORTES. Referencia: 2021/00051705J.**

[Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Educación e Deporte de Santiago (FEDESA), ano 2021.]

Acórdase:

Aprobar o borrador do convenio coa Fundación Educación e Deporte de Santiago.

Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **25.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890020 do orzamento municipal do ano 2021.

### **26. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00059840Y.**

[Candidatura del proyecto “Estrategia de infraestructura verde para Santiago de Compostela”]

Acórdase:


PRIMEIRO: Aprobar o proxecto “*Estratexia de Infraestrutura Verde para Santiago de Compostela – Entre Sar e Sarela*”.

SEGUNDO: Acordar a participación con este proxecto e a aceptación do procedemento regulado na Orde TED/1018/2021, do 20 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións da Fundación Biodiversidade, F.S.P., para fomentar actuacións dirixidas á renaturalización e resiliencia de cidades españolas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e apróbase a convocatoria correspondente ao ano 2021.

TERCEIRO. Acordar o compromiso de que o Concello disporá de todos os recursos humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar o proxecto aprobado e garantir a súa operatividade durante o período de durabilidade e asumirá todas as obrigas establecidas no artigo 3 da Orde.

Esta candidatura permitirá mellorar a dimensión ambiental da cidade, xa que contribúe á renaturalización do espazo urbano, ao aumento da biodiversidade e a impulsar a recuperación e conectividade do espazo urbano co medio rural, forestal e fluvial da cidade de Santiago de Compostela. Trátase dun proxecto que axudará a desenvolver a infraestrutura verde a nivel local, e a mellorar as condicións de adaptación da cidade e dos seus habitantes ante o cambio climático. Os fondos que se solicitan ascenden a 4.966.445 €, IVE incluído, para levar a cabo as seguintes accións:

- . Elaboración da Estratexia de Infraestrutura Verde e Adaptación ao Cambio Climático de Santiago de Compostela.
- . Intervención na zona Xardín Botánico.
- . Renaturalización do río Corgo na Lagoa do auditorio de Galicia.
- . Renaturalización da contorna de Salgueiriños.
- . Melloras en espazos públicos en Fontiñas.
- . Rectificación e naturalización do anel verde perimetral.



## CONCELLO DE SANTIAGO

- . Plan de participación e gobernanza.
- . Plan de comunicación e sensibilización.
- . Plan de medición e seguimento de Indicadores.

### **27. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00033369P.**

[Aprobación do expediente, abrir o inicio de procedemento de adxudicación e autorizar o gasto do expediente Rexeneración e reforzo estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase) CON/40/2021]

Acórdase:

- Aprobar o expediente de contratación da obra de “*Rexeneración e reforzó estrutural do pavimento da calzada da Rúa Santa de Teresa Jornet (2ª fase)*”
- Apertura do procedemento aberto de adxudicación
- Autorizar un gasto por importe de 111.260,30 € (tipo de licitación: 91.950,66 euros; IVE: 19.309,64 euros) que se corresponde co orzamento base de licitación. O gasto preciso para o financiamento deste contrato imputarase á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000/ 2021 2 RURAL 43, na que existe crédito adecuado e suficiente.

### **28. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00036025L.**

[Aprobación do expediente de contratación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños de Santiago de Compostela, apertura do procedemento de adxudicación e autorización do gasto – expediente CON/46/2021. ]

Acórdase:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do servizo de xestión das Escolas infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños de Santiago de Compostela e a apertura do procedemento aberto de adxudicación.

SEGUNDO: O orzamento base de licitación é de **3.240.364,30 euros** (importe exento de IVE) e imputarase á aplicación orzamentaria 080 32301 22799900.

A desagregación anual deste gasto é a seguinte:

Ano 2022: 1.149.806,69 euros

Ano 2023: 1.254.334,57 euros

Ano 2024: 836.223,05 euros.


Esta prestación está exenta de IVE segundo o previsto no artigo 20.1.9 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto do Valor Engadido.

O expediente tramítase como anticipado de gasto e ten carácter plurianual, polo que o crédito queda condicionado a súa consignación nos orzamentos de exercicios futuros.

A vixencia do contrato estenderase desde o 1/02/2022 ou desde o día da súa sinatura ata o

31/08/2024 co fin de adecuar a duración do contrato ao calendario escolar. Prevese a posibilidade de prorrogar por dous anos.

A vixencia do contrato estenderase desde o 1/02/2022 ou desde o día da súa sinatura ata o 31/08/2024 co fin de adecuar a duración do contrato ao calendario escolar. Prevese a posibilidade de prorrogar por dous anos.



## CONCELLO DE SANTIAGO

### **29. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: FACTURA 2021/6823 CONTENUR.**

Convalidación omisión función interventora pola subministración de 600 composteiros individuais de exterior, aireadores, termómetros para compostaxe doméstica; e subministración, transporte, descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe. |

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos da subministración de 600 composteiros individuais de exterior, aireadores, termómetros para compostaxe doméstica; e subministración, transporte, descarga e montaxe de unidades modulares de compostaxe.
2. Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 40.585,09 euros, correspondente á factura nº 2021/6823, que se imputarán a aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 2.
3. Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se eviten eses prexuízos.

### **30. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: FACTURA 2021/7024 ROTOTANK.**

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente á subministración de 70 colectores de carga lateral de 2000 litros para a recollida selectiva de bioresiduos no concello de Santiago de Compostela. |

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos da subministración de 70 colectores de carga lateral de 2.000 litros.
2. Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 52.429,30 euros, correspondente á factura nº 2021/7024, que se imputarán a aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 3.
3. Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se eviten eses prexuízos.

### **31. EXPROPIACIÓNS. Referencia: 2020/00000073H.**

Expropiación complementaria. Acceso sur á estación intermodal (parcelas 16, 17, 18 e 19) e inicio do expediente de xustiprezo. Rúa de Clara Campoamor |

Municipal:


Acórdase:

Primeiro. Aprobar definitivamente a relación de bens e dereitos de necesaria ocupación para executar o Acceso sur á estación intermodal, segundo o Proxecto de expropiación aprobado pola Xunta de goberno o 28.09.2020.

#### **Relación de parcelas obxecto de expropiación.**

As seguintes parcelas figuran no Catastro como sistema viario, polo que non teñen referencia catastral:

- Número de parcela segundo proxecto: 16. Finca rexistral: 5.439. Superficie afectada: 32,58 metros cadrados.
- Número de parcela segundo proxecto: 17. Finca rexistral: sin número. Superficie afectada: 30,71 metros cadrados.
- Número de parcela segundo proxecto: 18. Finca rexistral: 5.401. Superficie afectada: 32,21 metros cadrados.



## CONCELLO DE SANTIAGO

- Número de parcela segundo proxecto: 19. Finca rexistral: sin número. Superficie afectada: 61,18 metros cadrados.

### **Restos de finca non afectados pola expropiación (ao leste da rúa Clara Campoamor)**

- Referencia catastral: 15079ª020001860000GD. Superficie: 239,83 metros cadrados.
- Referencia catastral: 15079ª020001850000GR. Superficie: 197,09 metros cadrados.
- Referencia catastral: 15079ª020001840000GK. Superficie: 255,56 metros cadrados.
- Referencia catastral: 15079ª020007630000GX. Superficie: 623,52 metros cadrados.

**Segundo. Iniciar o expediente de xustiprezo dos bens e dereitos afectados**, co cumprimento dos trámites regulados no artigo 24 e seguintes da LEF. A tal fin, darase traslado aos expropiados das follas de apreio da administración coa taxación anteriormente sinalada, intentando a adquisición dos bens afectados por mutuo acordo. O acordo notificarase persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e nun xornal dos de maior difusión na provincia. Así mesmo, publicarase edicto no Boletín Oficial do Estado, para que serva de notificación aos interesados que non poidan ser citados persoalmente no seu domicilio (artigo 44 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común).

### **32. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: FACTURA BAYGAR.**

[Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente á subministración de 2 puntos móbiles no Concello de Santiago de Compostela]

Acórdase:


1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos da subministración de dous (2) puntos limpos móbiles no Concello de Santiago de Compostela.
2. Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 60.500,00 euros, correspondente á factura nº 2021/6948, que se imputarán a aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 1.
3. Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, paa evitar perxuizos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se eviten eses prexuizos.

### **33. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00059800N.**

[Traspaso da caseta da praza de abastos número NC142 a favor de "Charcutería Hernández, S.L.U." ]

Acórdase:

- 1.- Autorizar o traspaso da caseta da praza de abastos número NC142. O prezo do traspaso é de 6.010,12 e a empresa xestora percibirá a cantidade de 3.005,06 euros. A caseta dedicarase á venda de charcutería.
- 2.- A nova persoa adxudicataria ten a obriga de explotar a caseta conforme as disposicións recollidas no Regulamento municipal da Praza de Abastos e a duración da concesión será



## CONCELLO DE SANTIAGO

por un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foi concedida inicialmente.

### **34. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: FACTURA 2021/6948 CONTENUR.**

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente a subministración de 100 colectores de carga traseira de 120 litros para recollida selectiva de biorresiduos

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos da subministración de 100 colectores de carga traseira de 120 litros.
2. Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 5.953,20 euros, correspondente á factura nº 2021/6948, que se imputarán a aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 2021 3 RESID 53 3.
3. Dispoñer a continuación das prestación, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, paa evitar perxuizos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para que se eviten eses prexuizos.